



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

**ACTA Nº 6/2015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO, O PORRIÑO, A CONSECUENCIA DAS ELECCIÓNS LOCAIS CELEBRADAS O DÍA 24 DE MAIO DE 2015**

Na sala de Xuntas da Entidade Local Menor de Chenlo, O Porriño, Pontevedra, cando son as vinte horas e dez minutos do día dezaseis de xuño de dous mil quince, co obxecto de levar a efecto a sesión pública especial extraordinaria de constitución da Xunta Veciñal desta Entidade, concorren, o señor Alcalde Pedáneo proclamado electo nas eleccións locais celebradas o pasado día 24 de maio de 2015 e os catro señores Vocais designados electos pola Xunta electoral de Zona de Tui por mor das citadas eleccións, que son os seguintes:

**ALCALDE PEDÁNEO PROCLAMADO ELECTO:**

-D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.(P.P.)

**VOCAIS ELECTOS:**

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeGPSOE).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Miguélez Casás.

Actúa como Secretario o que ven desempeñando esta función na Entidade Local Menor de Chenlo, Manuel Cudeiro Mazaira, para dar fe deste acto.

**CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE**

Seguidamente, de conformidade co disposto no artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e por aplicación analóxica do artigo 195.2 Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (Acordo da Xunta Electoral Central de 23 de xaneiro de 2002), procedese a formar a Mesa de Idade que presidirá esta sesión quedando integrada polos señores electos anteriormente citados seguintes:

- D. Francisco Domínguez Domínguez, de maior idade.
- D. Jacobo Alonso Iglesias, de menor idade.
- D. Manuel Cudeiro Mazaira, secretario desta entidade que actúa como secretario da Mesa de Idade.

Seguidamente a Mesa, procede a comprobar o seguinte:



## Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cáles s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

Que **D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso con DNI 76.907.670-V**; resultou proclamado electo e designado Alcalde Pedáneo, pola circunscrición electoral da Entidade Local Menor de Chenlo, en representación do partido Popular (P.P.), por haber obtido maioría de votos, segundo reflicte o resultado do escrutinio xeral celebrado o día 01 de xuño de 2015, como queda acreditado coa acta de proclamación da Xunta Electoral de Zona de Tui de data 01-06-2015, e coa credencial, que obran no expediente, expedida pola devandita Xunta Electoral de Zona de Tui o día 04-06-2015.

Que os candidatos electos **D. Francisco Domínguez Domínguez titular do DNI 35.544.915-W**, **D. Daniel González Pérez titular do DNI 35.554.866-V**, e **D. Jacobo Alonso Iglesias titular do DNI 35.570.521-D**, e **D. José Luís Fernández Vázquez titular do DNI 36.085.697-P**, foron designados **VOCALIS**, pola circunscrición electoral de la Entidade Local Menor de Chenlo, a proposta dos respectivos representantes da candidatura PARTIDO POPULAR (P.P.) e PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE), por obter ámbalas dúas formacións os votos necesarios nas ELECCIONES LOCAIS 2015, segundo reflicte o resultado do escrutinio xeral celebrado o día 01 de xuño de 2015, tal como así consta en cadansúa credencial expedida pola devandita Xunta Electoral de Zona de Tui con data 09-06-2015, que tamén constan no expediente.

Queda constancia de que o Alcalde Pedáneo electo e os catro vocais electos designados presentes, en cumprimento do disposto no nº 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en redacción dada polo artigo 4 da Lei 9/1991, de 22 de marzo, presentaron declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionarlles ingresos económicos, así coma declaración dos seus bens patrimoniais.

Igualmente se deixa constancia de que quedan a disposición da nova Xunta Veciñal que se constituía o arqueo cos seus xustificantes e a documentación relativa ao inventario de bens da Corporación de Chenlo.

Rematada a operación de comprobación anteriormente citada a Mesa procede a realizar os actos seguintes:

### XURAMENTO OU PROMESA DE ACATAMENTO DA CONSTITUCIÓN E TOMA DE POSESIÓN DOS CARGOS DE ALCALDE PEDÁNEO E VOCALIS

**D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso**, de conformidade co nº 8 do artigo 108 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, Réxime Electoral Xeral LOREX e no artigo 1 do Real Decreto 707/79 de 5 de abril, e a fin de tomar posesión do cargo de Alcalde-Pedáneo da Entidade local Menor de Chenlo pronuncia o xuramento seguinte:

*Xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de ALCALDE PEDÁNEO da Entidade local Menor de Chenlo con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do Estado, quedando en posesión do devandito cargo de Alcalde Pedáneo e adquirindo, en consecuencia, a plena condición do devandito cargo.*



## Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

A continuación a o Alcalde Pedáneo, de conformidade co nº 8 do artigo 108 da LOREX e no Real Decreto 707/79 de 5 de abril, e a fin de que os devanditos catro vocais designados poidan tomar posesión de tales cargos lle formula a cada un deles e polo orden que a continuación se dirá a seguinte pregunta:

*Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de VOCAL da entidade Local Menor de Chenlo con lealdade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución coma norma fundamental do Estado.*

- Contestando D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, **xuro.**
- Contestando D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ, **xuro.**
- Contestando D. JACOBO ALONSO IGLESIAS, **prometo.**
- Contestando D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, **prometo.**

Quedando, por conseguinte, todos eles en posesión de cadanseu **cargo de Vocal** da Entidade Local Menor de Chenlo e adquirindo, en consecuencia, a plena condición dos devanditos cargos.

### CONSTITUCIÓN DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDAD LOCAL MENOR DE CHENLO

Realizadas as devanditas tomas de posesión a Mesa DECLARA constituída a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo.

Seguidamente o Alcalde Pedáneo toma a palabra para prestar agradecemento aos veciños/as de Chenlo; aos vocais anteriores Pablo Novo González e María Dolores Domínguez Domínguez, e para dar a benvida aos novos vocais. Continúa dicindo que hai que deixar paso aos que veñen e quizais sexa esta a última lexislatura na que participe e posiblemente o próximo candidato a Alcalde Pedáneo sexa Jacobo Alonso Iglesias. Dá tamén as grazas aos veciños/as aquí presentes, ao Sr. Benito Pérez Gonzáles tamén presente neste acto, a os vocais Francisco Domínguez Domínguez e Daniel González Pérez, a o secretario e á interventora polo apios prestados. Grazas igualmente as persoas que axudaron a que esta Entidade creza, Sr. Barros González do Porriño, Sr. Louzán presidente da Deputación de Pontevedra, e Srs. Alcaldes pedáneos anteriores que de maneira altruísta loitaron pola parroquia. Agradecer ao Sr. Santos Argibay, o apoio económico prestado desde o concello do Porriño á Entidade Local Menor de Chenlo que tivo uns ingresos que doutra forma non os tería. Dicir que as contas (movementos e saldos bancarios) están publicadas na páxina web desta Entidade para que poidan ser consultadas o que é importante para que exista transparencia. Grazas tamén a miña familia e a miña noiva e dicirvos que nos mellores e peores momentos da miña vida o importante e gozar da familia e da xente que necesitas e te quere. Grazas a todos/as por estar hoxe aquí.

Non habendo nada máis que facer constar, dáse por rematada esta sesión cando son ás vinte horas e trinta minutos, do día antes sinalado.

